

Estimadas familias:

Próximo a rematar o mes de xullo, poñémonos en contacto con vostedes para comunicarlles cuestións organizativas importantes de cara ao inicio do curso 2024-2025:

▪ **INSCRIPCIÓNS PARA ATENCIÓN MATINAL, COMEDOR E EXTRAESCOLARES.**

A partir do día 2 de setembro, na páxina web do colexio, www.carmelitasourense.com, estarán publicados os enlaces correspondentes ás seguintes inscricións para o vindeiro curso 2024-2025:

- ✓ Atención matinal
- ✓ Comedor
- ✓ Actividades extraescolares.

As inscricións nas actividades extraescolares ofertadas polo **Club Carmelitas Vedruna** poderán facelas a través da súa web www.ccvedrunaourense.com

A **Empresa Activa**, abrirá un novo prazo de matriculación na *Escola de idiomas* e nas actividades extraescolares, a partir do 2 de setembro. As familias que non fixeran en xuño ou xullo as inscricións terán os enlaces na web do colexio a partir desta data.

▪ **COMPRA DE LIBROS DE TEXTO:**

Ao igual que o curso pasado, poden comprar os libros de texto no centro. Dispoñen dos enlaces na web do colexio: www.carmelitasourense.com

▪ **COMPRA DE UNIFORMES E ROUPA DEPORTIVA:**

Está operativa a **TENDA ONLINE MCYADRA** na web do colexio: www.carmelitasourense.com

Lembramos dúas informacións importantes comunicadas xa en circulares anteriores:

1. Este será o último curso de vixencia do uniforme e da roupa deportiva anterior coas novas prendas de venta en **MCYADRA**.
2. O vindeiro curso 2024-25 implántase o uniforme para o alumnado de 1º de ESO, que se fará extensivo de xeito progresivo nos cursos seguintes.

Os **horarios de inicio de curso** (11 de setembro para todas as etapas educativas), estarán na **web do colexio** a partir do **luns 2 de setembro**.

Información a ter en conta en **Bacharelato**:

Os luns **23 e 30 de setembro**, comeza o horario de **tarde de 16:00h. ata 17:40h.**

Desexámoslles segan a desfrutar do merecido descanso e das vacacións de verán.

¡Un afectuoso saúdo en nome do Equipo Directivo e no meu propio!

En Ourense a 24 de xullo de 2024

Yolanda Álvarez Álvarez
Directora Xeral